



RADIO MENDE: DÍA DA PAZ

- **SIMÓN** Bo día, benvidos a radio Mende. Con todos vos Dylan, David e Samuel de primeiro de primaria. Leire, Leo e Pablo de terceiro de primaria. Greta de cuarto de primaria. E Hugo de quinto.
- **GRETA** Adicamos o día da Paz, hoxe e todos os días do ano, á nosa comunidade educativa, elaborando relatos, compartindo felicidade, paz e empatía.
- **ESPERANZA:** Damos comezo ao programa
- **LEO:** Queremos un mundo onde haxa amor e cariño, onde as persoas se abracen.
- **LEIRE:** Non queremos guerras, queremos paz e alegría. Gustaríanos compartir as nosas cousas.
- **PABLO:** Fai pouco empezamos o ano 2024 e queremos poñer de moda a tranquilidade cos compañeiros.
- **HUGO:** o respecto con todo o mundo, comprender ás persoas e que non haxa guerra no mundo.
- **HUGO:** Cada día hai que axudar
Non podemos perder o tempo
E adicarnos a arranxar
Temos amor, temos o mundo
Temos a vida por diante
Temos que fuxir do escuro

- **DYLAN:** Somos o coidado do planeta
- **DAVID:** Amarnos e abrazarnos en familia
- **DYLAN:** Tranquilidade, calma, paz e ledicia
- **DAVID:** Compartir xogos, espazos....
- **TODOS:** TODOS A MESMA META

CANTAN: Melisa, Valeria e Salomé de 6º de E. Primaria

Somos O Mundo "We are the world"

Chegou o día

Non hai tempo que perder

Temos que unir o mundo dunha vez

Todos temos algo que resolver

Hai que axudar

Temos un deber

Somos amor, somos o mundo

Somos a luz que ilumina con furor

Cheos de esperanza

podemos rescatar

o que nos pode salvar

Xuntos ti e eu

Non hai que esperar

Que o outro sexa quen vai actuar

Cando a dor te pode chamar

Se estamos xuntos non hai nada que temer

Podemos triunfar

Temos que entender

Somos amor, somos o mundo

Somos a luz que ilumina con furor

Cheos de esperanza

podemos rescatar

o que nos pode salvar

Xuntos ti e eu

Desde o corazón

Failles saber o importantes que son

Que todos sentimos o seu mal

E non están sós, queremos axudar

Con compaixón, firmeza e ilusión

Somos amor, somos o mundo

Somos a luz que ilumina con furor

Cheos de esperanza

podemos rescatar

o que nos pode salvar

Xuntos ti e eu

Se te cansas de loitar

Lembra que aquí eu estarei

Xuntos man para aprender

O xeito de gañar

Somos amor, somos o mundo

Somos a luz que ilumina con furor

Cheos de esperanza

podemos rescatar

o que nos pode salvar

Xuntos ti e eu